



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
G36630259
Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)

Circular 3/2023: CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE DEPORTISTAS DE CARREIRAS POR MONTAÑA PARA O ANO 2023

Na reunión da Xunta Directiva da Federación Galega de Montañismo do día 19-01-2023, aprobáronse os criterios que se terán en conta para a selección de corredores/as para os Campionatos de España e Copas de España. Estes son os seguintes:

- COPA DE ESPAÑA EN LIÑA

De participar 1 corredor/a na Copa de España en liña, será seleccionado o gañador e a gañadora do Campionato galego Individual.

De participar 2 corredores/as na Copa de España en liña, serán seleccionados o gañador e a gañadora e o segundo clasificado e segunda clasificada.

*De non poder acudir algún destes deportistas, as prazas serán cubertas por criterio técnico. Este criterio basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña, tanto da Federación Galega de Montañismo (FGM) como da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME).

- CAMPIONATO DE ESPAÑA EN LIÑA INDIVIDUAL E POR SELECCIÓN

De participar **4 deportistas** no campionato:

- Os 2 primeiros clasificados e as 2 primeiras clasificadas do Campionato Galego Individual.
- Os 2 primeiros clasificados e as 2 primeiras clasificadas da Copa Galega.

De participar **5 deportistas** no campionato:

- Serán os anteriores máis 1 corredor e 1 corredora a criterio técnico (basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña tanto da FGM como da FEDME).

De participar **6 deportistas** no campionato:

- Os 3 primeiros clasificados e as 3 primeiras clasificadas do Campionato Galego Individual.
- Os 2 primeiros clasificados e as 2 primeiras clasificadas da Copa Galega.
- 1 corredor e 1 corredora a criterio técnico (basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña tanto da FGM como da FEDME).

De participar **7 deportistas** no campionato:

- Os 3 primeiros clasificados e as 3 primeiras clasificadas do Campionato Galego Individual.
- Os 3 primeiros clasificados e as 3 primeiras clasificadas da Copa Galega.
- 1 corredor e 1 corredora a criterio técnico (basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña tanto da FGM como da FEDME).

De participar **8 deportistas** no campionato:

- Os 3 primeiros clasificados e as 3 primeiras clasificadas do Campionato Galego Individual.
- Os 3 primeiros clasificados e as 3 primeiras clasificadas da Copa Galega.
- 2 corredores e 2 corredoras a criterio técnico (basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña tanto da FGM como da FEDME).

*De non poder acudir algún dos deportistas que obtivesen a praza por resultado na Copa ou Campionato Galego, será cuberta esa praza por criterio técnico [este criterio basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña, tanto da Federación Galega de Montañismo (FGM) como da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)].

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA VERTICAL INDIVIDUAL E POR SELECCIONS.**

Os corredores e corredoras seleccionados/as para o Campionato de España Vertical serán elixidos os tres primeiros clasificados e tres primeiras clasificadas do Campionato Galego de Carreira Vertical Individual.

En caso de acudir máis deportistas serán elixidos por criterio técnico (basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña tanto da FGM como da FEDME).

*De non poder acudir algún dos deportistas que obtivesen a praza por resultado no Campionato Galego, será cuberta esa praza por criterio técnico [este criterio basearase nos resultados en probas oficiais de Carreiras por Montaña, tanto da Federación Galega de Montañismo (FGM) como da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME)].

- **COPA DE ESPAÑA VERTICAL**

Debido a coincidencia do Campionato de España Vertical e a 1ª proba da Copa de España Vertical, terase en conta os resultados nesta proba para a participación coa selección nas seguintes probas de Copa de España.

- **CAMPIONATO DE ESPAÑA ULTRA**

Como non contamos con un Campionato Galego de Ultra, os seleccionados serán aqueles que participasen en probas de ultra distancia cuns resultados destacados.

Vigo, 20 de xaneiro de 2023

Anxo Fernández Saborido
Secretario xeral da FGM

V.º e pr. Josefina Maestu Almeida
Presidenta da FGM